



Entidade Local Menor de Bembrive

ANUNCIO

CONVOCATORIA DO CAMPAMENTO DE VERÁN 2023

No día de hoxe, esta Alcaldía Pedanía adoptou resolución aprobando as seguintes bases de selección para o campamento de verán organizado pola Entidade Local Menor de Bembrive para o ano 2023:

Primeira.- FUNDAMENTACIÓN.

A Entidade Local Menor de Bembrive organiza o campamento de verán 2023, coa finalidade de ofrecer unha solución a conciliación familiar e laboral; proporcionando actividades dinámicas, divertidas e adaptadas a todas as idades e a todas as nenas e nenos, favorecendo o autodescubrimento o conectar actitudes e habilidades que habitualmente non desenvolven.

O campamento de verán de 2023 será impartido pola empresa Ludiland Vigo.

Segunda.- LUGAR, DATAS E HORARIOS DOS CAMPAMENTOS.

O campamento de verán levarase a cabo nas instalacións do CEIP de Chans-Bembrive.

O campamento desenvolverase dende o día 22 de xuño ata o 8 de setembro do 2023 (ambos inclusive).

O horario será de 09:00 a 14:00 h., coa opción de ampliación para aula matinal de 8:00 a 9:00 h. e aula tardía de 14:00 a 15:00 h., sempre que haxa un mínimo de 4 nenas e nenos.

No horario de aula tardía, haberá servizo de comedor con friameira ("fiambreira"), é dicir, as nenas e nenos, que así o desexen, traerán un friameira coa comida que se quecerá e servirá polas monitoras.

Terceira.- REQUISITOS DAS/DOS PARTICIPANTES.

Ter entre 3 e 12 anos, inclusive. Os participantes deberán ter a idade requerida no momento da inscrición.

Cuarta.- INSCRICIÓN.

O prazo para presentar as solicitudes comezará o día martes 16 de maio e rematará o mércores 31 de maio (ambos inclusive) ou ata esgotar prazos (en función do límite de crédito orzamentario).

As solicitudes poderán presentarse de maneira presencial na oficina de asistencia en materia de rexistros da Entidade Local Menor de Bembrive (en horario de 9:30 a 14:00 h.) ou a través da Sede Electrónica (<https://bembrive.sedelectronica.gal>), estas poderán presentarse en calquera hora ou día durante a vixencia do prazo de inscrición. **EN NINGÚN CASO SE ADMITIRÁN SOLICITUDES DE INSCRICIÓN POR CORREO ELECTRÓNICO.**

A folla de inscrición pódese descargar na páxina web da Entidade (www.bembrive.org) ou recollela na oficina de rexistro e información desta en horario de 09:30 a 14:00 h.



Entidade Local Menor de Bembrive

Cada persoa poderá entregar un máximo de 4 inscricións.

Quinta.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA FORMALIZAR A INSCRICIÓN

- Solicitud de inscrición
- Fotocopia da tarxeta sanitaria
- Certificado de empadramento

Sexta.- PREZO.

	AULA MATINAL (8:00 a 9:00)	CAMPAMENTO	AULA TARDÍA E COMEDOR (14:00 a 15:00)
DÍA SOLTO	1,50€	5,00€	1,50€
SEMANA	7,50€	22,50 €	7,50€
QUINCENA (10 días seguidos exceptuando sábados e domingos)	12,50€	37,50€	12,50€
MES COMPLETO	22,50€	72,50€	22,50€

Sétima.- ADXUDICACIÓN DE PRAZAS.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, adxudicaranse as prazas por orde de rexistro.

O día 6 de xuño publicarase a lista de admitidos na web da Entidade.

As nenas e nenos que non dispoñan de praza, pasarán a formar parte da lista de agarda, coa finalidade de cubrir as baixas que se poidan producir.

Oitava.- CONFIRMACIÓN DA PRAZA.

Publicada a lista de admitidos, confirmarase a praza, co pago da matrícula no número de conta: ES33 2080 5086 1530 0705 7752 (ABANCA), dende o día 7 de ata o 16 de xuño.

No caso de non aboarse o importe no prazo sinalado entenderase como unha renuncia e a lista correrá segundo a orde que resulte da entrada por rexistro.

Novena.- CANCELACIÓN DA ACTIVIDADE.

A Entidade Local Menor de Bembrive resérvase o dereito de cancelar a actividade se non se alcanzara o número mínimo de participantes (8).

Décima.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES, ORGANIZACIÓN DO CAMPAMENTO E NORMATIVA.

Debido a que as idades das/os pequenas e pequenos diferenciase moito entre sí, crearanse diferentes grupos co seu monitor/a, pero todos realizarán practicamente as mesmas actividades; con algunhas variacións de dificultade dependendo da idade e as súas capacidades.



Entidade Local Menor de Bembrive

Primeiro grupo: 3 a 5 anos

Neste grupo de idade, buscamos ofrecerlles actividades e xogos de maneira participativa e sobre todo amena e divertida, permitiéndolles desenvolver a súa creatividade e imaxinación, e adaptándoas ás necesidades das idades descritas anteriormente.

Segundo grupo: 6 a 8 anos

As nenas/os deste grupo, teñen gran capacidade de adaptación e aprendizaxe, rasgos principais que definen estas idades. É moi importante crear un clima de confianza, as/os monitoras/es serán as/os encargadas/os de crear ese crecemento persoal, mediante unha actitude tolerante, evitando as prohibicións innecesarias. O mais importante é ter en conta os seus criterios, escoitalos e animalos.

Terceiro grupo: 9 a 12 anos

As actividades programadas para este grupo están pensadas para fomentar unha serie de valores a través de xogos e actividades. Atenderemos os aspectos como a solidariedade, cooperación, comunicación, empatía e igualdade nun clima distendido, sen a presión que implica a competencia.

A proposta de división de grupos, ven dada pola mellor coordinación por parte das/os monitoras/es, e para o mellor aproveitamento e entendemento dos xogos e actividades por parte das/os nenas/os, pero só se levará a cabo esta división nos momentos en que sexa necesario, se non sempre se optará por realizar as actividades todas/os xuntas/os, con sentimento de grupo único.

Entre as actividades que se soen realizar durante o campamento están, festas temáticas, gymkanas, festas de auga, xogos tradicionais, festas musicais, entroido de verán, búsquedas do tesouro, actividades de relaxación, talleres de manualidades, talleres deportivos, experimentos, talleres científicos, de pintura, talleres de yoga e relaxación, entre outros. Tamén se farán excursións a lugares preto do campamento aos que se poida ir a pé.

Para asistir ao campamento será necesario que nenas e nenos traian:

- *Merenda, botella de auga e unha muda na súa mochila.*
- *Recomendamos que traian o nome escrito tanto na mochila como na botella de auga.*
- *Queda prohibido a entrada de enseres persoais do exterior como xoguetes, tablets, etc.*
- *En caso de perda ou extravío de enseres persoais, Ludiland non se fará responsable.*

Segundo.- Ordenar a súa publicación no taboleiro de anuncios dixital desta Entidade Local, a efectos de que se dé oportuno coñecemento e publicidade.

Bembridge, na data da sinatura electrónica,

A Alcaldesa Pedánea,

Asdo.: Patricia Otero Carrera